



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Educación e linguas en Galicia		Código	652603003
Titulación	3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	1.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaíno Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.			

Competencias / Resultados do título				
Código	Competencias / Resultados do título			
A13	(CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagógicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro.			
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título	
Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceptos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación.			AP13	
Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real.			AP13	CM4
Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística.			AP13	CM1
A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigorante referida ao ensino das linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida.			AP13	CM4

Contidos				
Temas	Subtemas			
Unidade e diversidade lingüística. Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe	Que son as linguas? Canto coñecemos sobre a diversidade lingüística? A educación en contextos plurilingües Como apostamos polo plurilingüismo?			
A situación sociolingüística da lingua galega	Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceptos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega			



As linguas no sistema educativo galego	A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos
O papel dos centros educativos na planificación lingüística	A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	A10 A13 A14 C1 C4	0.5	4	4.5
Lecturas	A1 A6 A8 A13	1	13.5	14.5
Sesión maxistral	A13	3.5	0	3.5
Proba de ensaio	A13 C1 C4	0	4	4
Estudo de casos	A9 A13 A26	10	0	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Foro virtual	Na plataforma Moodle abrírase un espazo virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construirá conjuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas dirixidas polo docente.
Lecturas	Elaboración de dous informes sobre as lecturas obrigadas e realización de comentarios retroalimentadores dos informes realizados polas outras persoas.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.
Proba de ensaio	Realizarase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.
Estudo de casos	Nas sesións interactivas realizaranse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Foro virtual	O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas. Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba de ensaio	A13 C1 C4	Proba escrita en que haberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.	30



Lecturas	A1 A6 A8 A13	Elaboración de informes de lectura segundo as pautas fornecidas polo docente e achega de comentarios aos informes das/dos compañeiras/os.	10
Estudo de casos	A9 A13 A26	Traballo crítico con supostos prácticos, individual ou grupalmente.	30
Foro virtual	A10 A13 A14 C1 C4	Participación através do Moodle na construcción do glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese.	30

Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará na plataforma Moodle.

O estudiantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obligatorias nunha data concertada previamente co profesor. Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Para superar a materia, será condición indispensábel ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.

As persoas que se presentaren á segunda oportunidade (xullo) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveren superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxiido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado).

Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba obxectiva.

Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de plurilingüismo. Ames: Laiovenzo- Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prejuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- Xunta de Galicia (2005). Plan xeral de normalización da lingua galega . Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos más válidos?" en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC- Xunta de Galicia (2007). Planificación linguística nos centros de ensino 2007. Compostela: Xunta de Galicia- Subiela e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino", en A letra miúda nº 1. Compostela: GENDL- Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflicto lingüístico", Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904.- Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prejuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", A letra miúda nº 1 (2012).. Compostela: GENDL
---------------------	---

**Bibliografía complementaria**

- Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro . Vigo: Galaxia
- Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni
- Díaz García et al (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas . Santa Comba: tresCtres
- Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º da ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago: Universidade
- Freixeiro Mato, X. R. (2002 [1997]). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laiemento
- Monteagudo, H. /Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación . Compostela: Consello da Cultura Galega
- Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates
- Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña
- Calvet, L.J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laiemento
- García Plata, Ignasi (). "A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya&quot;, A letra miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL . Compostela: GENDL
- Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega
- Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC
- Subielo, X. (2009). "Democracia e política lingüística en Galiza&quot;, en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Compostela: Consello da Cultura Galega
- García Negro, Mª do Pilar (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística. Pontevedra: Cumio

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías